

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA SELECCIÓN PARA POSTO DE DIRECTOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO/A DA FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación do/a director/a técnico/a deportivo/a da Fundación de Feiras e Exposicións, Expourense, como persoal en plantilla da Fundación.

A evolución das instalacións de Expourense, acollendo no interior do recinto feiral equipamentos deportivos, supón un cambio de paradigma na planificación de actividades da Fundación. Este feito obriga a unha actualización do organigrama de Expourense, integrando entre o persoal en plantilla a persoas do sector deportivo, co gallo de adecuar, xerar e explotar as novas potencialidades da instalación, sen menoscabo das actividades xa existentes.

A contratación do/a director/a técnico/a deportivo/a como persoal en plantilla someterase a principios de mérito e capacidade, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica e científica previstos nesta convocatoria, necesarios para o desenvolvemento das funcións do cargo.

2. VÍNCULO

O vínculo da persoa seleccionada coa Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) será o de relación laboral de duración indefinida a xornada completa, actuando baixo dependencia xerárquica do Director Xerente da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense.

Tendo en conta o carácter de fundación do sector público da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), o/a director/a técnico deportivo deberá respectar na súa actuación os seguintes principios: legalidade, obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Asemade, o/a director/a técnico deportivo axustará a súa actuación ao disposto no código ético institucional aprobado polo consello da Xunta de Galicia e ao disposto no artigo 74, "Deberes e código de conduta", da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia.

A xornada laboral, vacacións e permisos aplicables serán os recollidos no convenio regulador das

condicións de traballo para os traballadores da Fundación.

A contraprestación salarial consistirá nunha retribución fixa anual bruta de 43.000 euros, sen prexuízo do incremento correspondente a este posto que se aplique a todos os empregados consonte á normativa básica estatal para o exercicio 2022 e das posibles dietas para labores comerciais e de xestión por transporte, aloxamento, manutención e/ou varios.

A contraprestación salarial estará distribuída en doce pagas mensuais iguais máis dúas pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro. A contía fixada como retribución revisarase, se é o caso, en función do que establezan as leis anuais de orzamentos xerais da comunidade autónoma e as demais normas que lle resulten de aplicación.

3. FUNCIÓNS DO/A DIRECTOR/A TÉCNICO/A DEPORTIVO/A

Son funcións propias do/a director/a técnico/a deportivo/a da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense as seguintes:

- a) Propor, en base ás directrices emanadas do Padroado e do Director Xerente, os plans periódicos de actuación, incidindo nas actividades deportivas cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.
- b) Velar polo cumprimento correcta execución das actividades segundo o plan establecido, sobre todo en materia deportiva dentro do orzamento asignado.
- c) Coordinar a organización do traballo, dirixir as tarefas que permitan levar a cabo os distintos eventos.
- d) Establecer relacións co tecido asociativo deportivo, centros educativos, e empresas privadas do deporte para desenvolver, coa súa colaboración, actividades deportivas contempladas na planificación.
- e) Captación de patrocinios que permitan incrementar o grao de autofinanciamento da Fundación.
- f) Representar á Fundación diante dos/as usuarios/as, clientes, provedores, patrocinadores, colaboradores, traballadores por encargo do Director Xerente.
- g) Elaborar a documentación a presentar e cantos informes soliciten, por orde do Director Xerente.
- h) Aprobar a celebración de acordos, convenios e contratos que sexan de interese para a Fundación.
- i) Todas aquelas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Director Xerente e/ou o Padroado, vinculadas a actividade de Expourense aínda que non sexa específicas da actividade deportiva.

As anteditas funcións exercitaranse con autonomía e responsabilidade, só limitadas polos criterios e instrucións emanadas da Dirección de Expourense.

4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deben reunir os requisitos seguintes:

- a. Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.
- b. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Ter cumpridos os dezaseis anos.
- d. Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e. Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían, no caso de persoal laboral, no que fose separado/aou inhabilitado/a.
- f. Estar en posesión do título de Grao/Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecela.
- g. Estar en posesión de certificado de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou Perfeccionamento.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes como no de toma de posesión ou formalización do contrato.

5. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse nas oficinas da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Finca Sevilla, S/N, 32005, Ourense), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas. Neste caso deberá remitirse por correo electrónico ao seguinte enderezo expourense@expourense.org, e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a solicitude rexistrada e a relación individualizada dos méritos que se aleguen.

A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e, ao abeiro do establecido nos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, implicará a autorización á Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense para comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento DNI/NIE da persoa que teña a condición de interesada, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao Sistema de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Administracións Públicas. Non obstante, o/a solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá presentar, xunto coa solicitude, unha copia cotexada do documento de identidade en vigor.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o **décimo día natural** desde o seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Na solicitude os/as aspirantes deberán presentar declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e acompañar copia simple do DNI ou pasaporte en vigor; orixinal ou copia cotexada do título universitario esixido ou certificación académica que acredite ter realizados os estudos para a obtención do título ou, de selo caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do título académico. Documento acreditativo dos coñecementos de galego requiridos.

Coa solicitude tamén deberá relacionar de xeito individualizado cada un dos méritos que aleguen e acompañar a documentación acreditativa dos mesmos para a súa valoración, ben orixinal ou ben fotocopia cotexada.

Así mesmo, coa solicitude terá que achegarse o curriculum vitae do solicitante en soporte papel e en formato electrónico.

O domicilio que figure nas instancias considerárase como o único válido aos efectos das notificacións, sendo de responsabilidade do aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, custodiará e tratará a documentación recibida de maneira confidencial e unicamente co obxecto de valorar as candidaturas presentadas,

non almacenándose por ningunha vía, ficheiro ou medio, nin sendo cedida, en todo ou en parte a terceiras persoas ou entidades.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Trala finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense ditará resolución na cal se aproben as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

A lista publicarase no sitio web da Fundación no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> e as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución na que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Esta resolución farase pública o sitio web da Fundación no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/>.

Todas as publicacións referidas a esta convocatoria figurarán ademais no taboleiro de anuncios da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense.

7. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección, designado polo Padroado, estará integrado polos seguintes membros e os seus suplentes:

- a. Presidente/a: Representante da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Suplente: Director Xerente de Expourense.
- b. Secretario/a: Directora de Administración – Interventora da Fundación.
Suplente: Técnico en instalacións deportivas de Expourense.
- c. Vogais:
 - Representante da Deputación de Ourense.
 - Representante da Área de Deportes do Concello de Ourense.
 - Representante da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Os vocais suplentes serán designados polo organismo correspondente. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, ós suplentes actuarán como titulares do tribunal..

Serán de aplicación a este órgano as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

O tribunal actuará no exercicio das súas funcións con arranxo aos principios de mérito e capacidade, así como aos de transparencia e obxectividade no desenvolvemento do proceso selectivo. Na súa actuación actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto, tendo en conta a súa consideración de especial responsabilidade e confianza.

8. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O tribunal seleccionará os/as aspirantes, conforme a estas bases entre todas aquelas persoas que acrediten cumprir os requisitos esixidos, conforme o seguinte proceso de selección, que constará de dúas fases:

8.1. 1ª Fase: Avaliación de méritos alegados

A puntuación máxima nesta primeira fase é de 8 puntos e será necesaria a obtención dun mínimo de 5 puntos para superala. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación anterior quedarán eliminados do proceso selectivo.

A valoración dos méritos alegados desenvolverase conforme a seguinte distribución:

a. A experiencia laboral en postos con funcións de dirección, coordinación ou xerencia no sector deportivo (Até 5 puntos):

- No ámbito privado (0,5 puntos por cada ano completo ata un máximo de 2,5 puntos).
- No ámbito público (0,5 puntos por cada ano completo ata un máximo de 2,5 puntos).

A experiencia laboral acreditarase mediante a achega dos correspondentes contratos e/ou nomeamentos, así como co informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Ademais poderá achegarse toda aquela documentación ou certificados que acrediten as funcións desempeñadas.

b. Formacións académicas. (Até 1 punto).

- Mestrado oficial universitario vinculado ás funcións a desenvolver impartido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados e relacionado directamente coas funcións de dirección, administración e xestión (0,5 puntos por cada título).

- Titulacións de experto universitario impartido por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados e relacionado directamente coas funcións de dirección, administración e xestión deportiva. (0,25 puntos por cada título).
- c. Formacións complementarias. (Até 1 punto).
- Cursos de máis de trinta horas de duración relacionados directamente coas funcións de dirección, administración, xestión deportiva, prevención de riscos laborais e informática. Titulacións impartidas por centros oficiais debidamente acreditadas coa duración dos cursos. (0,25 por cada curso).
- d. Docencia/ponencias/actividades formativas. (Até 1 punto).
- Actividades formativas, docencia e charlas impartidas relacionadas co deporte e a xestión, debidamente acreditadas pola institución organizadora. (0,25 por cada actividade).

A lista publicarase no sitio web da Fundación no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> e as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Resoltas, de ser o caso, as reclamacións, publicaranse A lista publicarase no sitio web da Fundación no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> e no taboleiro de anuncios da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense as puntuacións definitivas da 1ª fase.

8.2. 2ª Fase: Exame práctico (ata un máximo de 8 puntos):

8.2.1. Os/as aspirantes deberán superar un exame práctico relacionado coas actividades fundacionais, e seu encaixe nas políticas deportivas, turísticas e económicas da contorna. Valorarase os coñecementos prácticos, e organizativos, así como a contextualización no marco legal de referencia. A proba terá unha duración de hora e media e constará de catro preguntas de tipo práctico para desenvolver. O tribunal reunirse para avaliar a adecuación das actividades propostas e a viabilidade das mesmas para a consecución dos obxectivos e fins da Fundación. A puntuación máxima correspondente á memoria non poderá exceder de 4 puntos.

8.2.2.

Os/as candidatos/as que superen a puntuación mínima de 2 puntos serán convocados/as, cunha antelación mínima de 48 horas, para realizar ante o tribunal a lectura e exposición do seu exame que se desenvolverá conforme ao indicado no punto seguinte.

A lista publicarase no sitio web da Fundación no seguinte enlace:

<https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> e as persoas interesadas disporán dun prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Resoltas, de ser o caso, as reclamacións, publicaranse no sitio web da Fundación no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> e no taboleiro de anuncios da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense as puntuacións relativas a valoración do proxecto.

8.2.3. Os/as candidatos/as que superasen as fases anteriores serán convocados/as, por orde alfabética, e cunha antelación mínima de 48 horas, para realizar ante o tribunal a exposición do seu exame práctico así como un relato sobre o coñecemento das potencialidades da Fundación en materia deportiva, coñecemento do tecido asociativo e posibles sinerxías entre ambos.

Esta exposición terá unha duración máxima de vinte minutos.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos/as de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

O tribunal establecerá a puntuación correspondente a cada candidato/a nesta segunda fase a través de resolución motivada, sen que a puntuación máxima correspondente á presentación da memoria poida exceder de 4 puntos.

9. CUALIFICACIÓN E LISTA DE PERSOAS SELECCIONADAS

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación relativa á experiencia profesional e pola orde establecida nel. De persistir o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, no sitio web da Fundación, no seguinte enlace: <https://www.expourense.org/concursos-y-licitaciones/> as puntuacións obtidas polos/as aspirantes con indicación do/a candidato/a seleccionado/a. Establécese un prazo de tres días desde a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva que deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia.

O tribunal elevará á Presidencia da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense a proposta a favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación. A contratación efectuarase por proposta do/a seu/súa Director- Xerente.

10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez resolto o proceso selectivo e aceptada a contratación polo Padroado da Fundación de feiras e Exposicións efectuarase o chamamento do/da aspirante seleccionado/a; a incorporación ao posto de traballo efectuarase dentro dos 30 días naturais seguintes ao requirimento formal por parte da fundación.

Gabriel Alén Castro
Presidente do Comité Executivo da Fundación de Feiras
e Exposicións de Ourense-Expourense